

## **ACTA DA ASEMBLEA DA XUNTA DE GOBERNO DA COMUNIDADE DE USUARIOS**

### **DE**

### **ESCOBEIRO SAN PEDRO CELEBRADA O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2026**

No lugar da antiga “Casa da Escola” de Escobeiro, previa convocatoria realizada polo Presidente, o Señor Gonzalo González, mediante comunicación no grupo de WhatsApp denominado “directiva traída Nov 2025”, reuniuse a Xunta de Goberno da Comunidade de Usuarios de Escobeiro San Pedro, ás 12:00 horas do día 18 de Febreiro de 2026 coa asistencia das persoas que a continuación se relacionan:

1. Gonzalo González Alfaya en representación de María del Carmen Alfaya Mera
2. Mercedes Carrera Soto
3. Concepción Tellado Mariño
4. Antonio Pregal Faro
5. Rosa Reboreda Bouza en representación de Pilar Bouza Faro
6. María Beatriz Lores Fernández
7. David Fernández Columna
8. Abel Reboreda Pérez
9. José M. González Estévez

Antes de proceder coa orde do día, o Sr. Gonzalo informou sobre as últimas actuacións e traballos realizados. De seguido, deu conta dunha comunicación telefónica recibida por parte dunha comuneira, quen manifestou o seu malestar polo suposto corte da subministración de auga e o precintado do seu contador.

A este respecto, o Sr. Gonzalo aclarou que non ten constancia de tal intervención, extremo que foi ratificado polo resto dos membros da Xunta de Goberno, quenes declararon o seu total descoñecemento sobre o asunto. Finalmente, precisou que os precintos oficiais da comunidade permanecen baixo a súa custodia directa.

A sesión desenvolveuse conforme á seguinte

### **ORDE DO DÍA:**

#### **1. Informe da Presidencia sobre a solicitude de axudas ante Augas de Galicia e estado de execución do proxecto de impermeabilización.**

O Sr. Presidente, D. Gonzalo, toma a palabra para informar á Xunta de Goberno sobre a próxima convocatoria de axudas de Augas de Galicia, sinalando que o prazo para a presentación de solicitudes expira nunha semana. Dada a importancia estratéxica desta subvención, cuxa concesión se rexe polo criterio de prelación temporal (prioridade por orde

de entrada), o Presidente subliña a necesidade de actuar coa máxima celeridade.

Co fin de garantir o éxito da solicitude e a correcta tramitación técnica, informouse de que se continúa traballando coa asesoría especializada Proxectea, dada a súa experiencia coa nosa Comunidade e profundo coñecemento dos requisitos específicos desta convocatoria.

No relativo ao obxecto da axuda, a Xunta de Goberno acordou por unanimidade centrar a solicitude no proxecto de impermeabilización interior do depósito. Esta actuación cualificouse como prioritaria e urxente, non só para a mellora das infraestruturas, senón para dar cumprimento inmediato aos requirimentos técnicos formulados pola Inspección de Sanidade.

## **2. Sonda PH**

O Sr. Presidente informou á Xunta de Goberno sobre a avaría detectada na sonda de pH do equipo de control do depósito, a cal se atopa fóra de servizo na actualidade. Gonzalo subliñou que esta deficiencia técnica foi formalmente sinalada pola Inspección de Sanidade como unha 'non conformidade' na súa última acta de visita.

Dada a relevancia deste parámetro para garantir a potabilidade e a calidade da auga subministrada, a Xunta de Goberno acordou por unanimidade dar traslado inmediato desta incidencia á empresa Galmaga, actual adxudicataria do servizo de mantemento do depósito.

Solicitarase a dita empresa que proceda á reparación ou substitución urxente do dispositivo, co fin de dar cumprimento aos requirimentos de Sanidade e asegurar o correcto funcionamento do sistema de dosificación e control.

No fío desta exposición, a Vicepresidenta, a Sra. Rosa, puntualizou a necesidade de realizar as xestións oportunas para tentar incluír os gastos xa devindicados e satisfeitos na presente convocatoria de subvencións, co obxectivo de optimizar os recursos da comunidade.

A este respecto, informouse de que a Vicepresidenta, en colaboración co Tesoureiro, o Sr. Antonio, elaboraron un estado de contas detallado que recolle o resumo de todos os gastos ocasionados ata a data.

Finalmente, o Sr. Tesoureiro deu conta da situación actual das cotas pendentes de cobro, informando sobre o estado de morosidade dalgúns comuneiros. A Xunta de Goberno tomou nota da necesidade de facer un seguimento estreito destes impagos.

Neste contexto, o Tesoureiro, o Sr. Antonio, propuxo a conveniencia de publicar un comunicado no grupo de notificacións de WhatsApp da comunidade. O obxectivo de dita comunicación será informar de xeito xeral sobre a existencia de cotas pendentes de pago e instar aos comuneiros que se achen nesa situación a regularizaren a súa débeda á maior brevidade.

A Xunta de Goberno acordou que o aviso terá un carácter informativo e xenérico, recordando os prazos e os medios de pago habilitados, co fin de axilizar a recadación sen prexuízo de realizar as reclamacións individuais que legalmente correspondan de persistir os impagos.

## **3. Captación de emerxencia**

O Sr. Presidente expuxo a necesidade de planificar unha captación de emerxencia para o

vindeiro verán, ante a previsión de que o caudal actual de entrada no depósito resulte insuficiente para cubrir a demanda da comunidade. Tras un debate técnico e legal, a Xunta de Goberno acordou avaliar as seguintes tres vías de actuación:

- **Primeira opción: Execución dunha nova sondaxe (pozo).** Consistiría na localización do emprazamento tecnicamente máis idóneo, a contratación dunha empresa especializada e a tramitación dos preceptivos permisos ante a administración competente.
- **Segunda opción: Captación dende a zona de Grigosta.** Informouse de que a comunidade xa conta coa concesión legal nesa zona, polo que se valorará a viabilidade técnica de incorporar este caudal ao sistema actual.
- **Terceira opción: Captación superficial do río.** Tras as consultas previas realizadas ante o organismo de Cuenca (Confederación Hidrográfica), constatouse a viabilidade técnica desta medida. Non obstante, sinalouse que os prazos administrativos para obter a autorización legal son prolongados, o que podería comprometer a súa dispoñibilidade para este verán.

Tras analizar a complexidade técnica e o investimento económico que require cada unha das alternativas de captación, a Xunta de Goberno acordou por unanimidade que a decisión final sexa sometida a votación da comunidade.

Para tal fin, elevarase esta proposta á próxima Asemblea Xeral Extraordinaria, na que se informará polo miúdo aos comeneiros sobre os custos, prazos e viabilidade legal de cada opción. Serán, polo tanto, os comeneiros presentes os que, mediante o exercicio do seu dereito a voto, decidan a vía de actuación definitiva para garantir a subministración de auga durante o verán.

#### **4. Incidencias nos contadores**

Presentouse ante a Xunta de Goberno un documento técnico detallado no que se recolle, a modo de listaxe, o estado actual dos contadores de auga de todos os comeneiros. En dito informe reflíctense de xeito pormenorizado os defectos, avarías e anomalías detectadas nas inspeccións recentes.

A este respecto, informouse de que, tras o aviso xenérico realizado previamente no grupo de notificacións de WhatsApp, procede agora iniciar a fase de notificación individualizada. A Xunta de Goberno acordou que se lle comunicará formalmente a cada comeneiro afectado a incidencia específica do seu contador, instándoo á súa reparación ou substitución segundo corresponda.

A Vicepresidenta, a Sra. Rosa, asume a responsabilidade de coordinar esta tarefa, encargándose de elaborar e remitir ditas comunicacións individuais para garantir que todos os equipos de medida cumpran coa normativa técnica da comunidade

#### **5. Plan de comunicación e convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria.**

Co obxectivo de garantir a máxima asistencia e participación dos comeneiros na vindeira Asemblea Xeral Extraordinaria, a Xunta de Goberno acordou por unanimidade realizar unha campaña de comunicación exhaustiva.

Dada a transcendencia dos temas a tratar (decisión sobre a captación de emerxencia e

regularización de contadores), decidiuse que, ademais das canles dixitais habituais, se proceda ao reparto domiciliario (buzoneo) de circulares informativas en toda a zona de cobertura da comunidade. En ditas circulares detallarase a data, hora e lugar de celebración da sesión, así como a orde do día completa e o modelo de delegación de voto.

A Xunta de Goberno entende que este procedemento de notificación física asegura o coñecemento efectivo da convocatoria por parte de todos os membros, especialmente daqueles que non fan uso das novas tecnoloxías.

Non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión sendo as 14:00 horas

Asinado

Asinado

Presidente

Secretario